



CEIP Heroínas de Sálvora

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

● **Introdución**

●.1. **Datos básicos do centro**

- Denominación: CEIP HEROÍNAS DE SÁLVORA.
- Localidade: AGUIÑO.
- Enderezo: Rúa Falcoeiro nº10. Aguiño.
- Código postal: 15965 .Concello: Ribeira.
- Teléfono: 881.866.343-881.866.344-881.866.345
- NIF: Q6555635I .
- Código: 15014261.
- Email: ceip.heroinas.salvora@edu.xunta.es
- Horario docente:

Polas mañás: De 8.45 a 14.15h.

Tardes dos martes: De 16.00-18.00h.

O centro conta con tres unidades do 2º ciclo de educación infantil e 6 unidades de educación primaria. En Educación Infantil contabilízase un total de 52 nenos/as en Educación Primaria 104 nenos/as, facendo un total de 156 nenos/as na escola.

O catálogo de postos de traballo do centro é o seguinte: Educación Infantil 4, Educación Musical 1, Educación Primaria 5, Pedagogía Terapéutica 1, Filoloxía Inglesa 1, Orientadora 1 (compartida), Filoloxía Francesa 1, Educación Física 1, Relixión católica 2 (compartida), Relixión evanxélica 1 (compartido). Súmanse como persoal non docente: o conserxe e o persoal de limpeza.

●.1. **Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro**

Aguiño é unha localidade de marcado carácter mariñeiro. A súa economía está centrada no sector pesqueiro e industrias derivadas do mesmo. Debemos indicar que observamos como ano tras ano vai mellorando a participación das familias a través de distintas intervencións, comisións, etc, enmarcadas dentro do proxecto de Escola Aberta, cuxo obxectivo é permitir que a comunidade educativa participe no

noso día a día formando un tándem de complicidade.

A educación debe ser a principal fonte de riqueza e motor de cambio dunha sociedade que cada día evidencia máis as diferenzas de clases, para isto, a escola debe artellar unha serie de recursos materiais e humanos para transmitir riqueza cultural, riqueza humana e capacidade crítica ao contexto onde desenvolven o seu día a día.

Os/as nenos/as necesitan ser escoitados/as e teñen dereito a **ser únicos e diferentes**, gozando da experiencia de aprender. Facéndonos eco do pensamento de Jackson “a aprendizaxe aseméllase máis ao voo dunha bolboreta que á traxectoria dunha bala”, isto implica que cada quen terá o seu propio itinerario de aprendizaxe.

Cada vez son máis as voces científicas e pedagóxicas que conclúen que os modelos educativos deben adaptarse ás sociedades actuais, onde a educación debe estar baseada no/a neno/a como centro de toda aprendizaxe, e onde se respecten os procesos de vida e as necesidades auténticas de cada etapa evolutiva e de cada situación persoal. Estas serían os principais sinais de identidade da nosa escola que ademais apostan por unha:

- Unha escola respectuosa coa diversidade e os procesos de vida.
- Unha escola que ofrezca unha atención real á diversidade.
- Unha escola democrática, comprometida e participativa: onde toda a comunidade colabore conxuntamente na consecución dos obxectivos educativos marcados.
- Unha escola aberta e flexible á contorna integrada nel, mantendo unha relación de enriquecemento bidireccional.
- Unha escola onde o alumnado aprenda a desenvolver tódalas súas potencialidades, as competencias básicas, non só as intelectuais, senón tamén aquelas outras que teñen que ver coas actitudes e valores tales como: a educación para a paz, para o non sexismo, para a solidariedade e a cooperación, o respecto polo medio ambiente, a liberdade, o sentido da xustiza individual e colectiva, o respecto e tolerancia mutuos, a igualdade de tódalas persoas, os dereitos humanos e o rexeitamento á violencia, o respecto e sensibilidade pola identidade sexual, etc.
- Unha escola que siga potenciando a Lingua e Identidade: promovendo o uso da lingua galega atendendo á súa situación de diglosia e inferioridade de oportunidades na sociedade actual (medios de comunicación, comercio, publicidade, cine, etc.).

- Unha escola aconfesional, respectuosa tanto coas posturas agnósticas e ateas, como coa diversidade de prácticas e crenzas relixiosas.
- Unha escola creativa, a través de espazos e tempos expositivos, de diálogo, de reflexión, de produción, etc.
- Unha escola que entenda a Innovación Educativa como práctica educativa reflexionada e permeable aos cambios necesarios para dar respostas educativas ás necesidades detectadas, respostas que sexan acordes aos novos tempos.
- Unha escola que siga apostando pola Educación Artística nas súas múltiples manifestacións (literatura, plástica, musical...) como conexión coa experiencia humana en múltiples situacións da vida.
- Unha escola que aposten polas tecnoloxías introducidas dunha maneira gradual, crítica e reflexionada, onde a súa utilización sexa parte do día a día, non sendo a única liña de traballo.

A escola é a institución que debe ofrecer a oportunidade de desenvolverse de xeito integral a cada un/unha dos/as nosos/as nenos/as, compensando así as diferenzas sociais existentes. O modelo humanístico, social e cultural que representa o noso P.E quere amalgamar todas as posibilidades de enriquecemento para así poder alcanzar o máximo potencial do noso alumnado.

A utilización das tecnoloxías é un tema que está reflexionado e debatido por parte do claustro do centro, chegando a un consenso xeral na súa aplicación na aula e no día a día.

Comunidade de Pequenos e Pequenas

Reducir á mínima expresión a utilización da Tecnoloxía.

Seguindo a Jean Piaget, corresponderíase coa “Etapa Preoperativa”. Nesta etapa débese priorizar o sensitivo, favorecendo as interaccións con tódolos sentidos, polo que os recursos materiais favorecerán o “sentir”, o “tocar” e o “mover”, proporcionando experiencias sensoriomotrices, sendo non estruturados e sen regras nos xogos.

Na última década observamos como o uso prematuro da tecnoloxía está pasando unha factura evidente e negativa en todos os ámbitos do desenvolvemento do noso alumnado. É moi probable que o punto de inflexión a nivel histórico estea na propia portatibilidade dos aparatos, pasando dos ordenadores de mesa a móbiles e tabletas, cuxa presenza é omnipresente actuando como inxeccións de

“pseudotranquilizantes”: berce, carriños de paseo, perruquerías, nos coches, etc. Poderíamos falar dos novos chupetes tecnolóxicos. Súmase a isto, o consumo de videoxogos e o acceso a internet sen ningún tipo de filtro. Entre o noso alumnado xa existen casos de nenos/as que saben acceder a canles como youtube, xogos, etc.

O envoltorio tecnolóxico vende os beneficios da estimulación, incluso o apelida con “temperá”, como se adiantar procesos fora positivo. A reflexión do noso equipo docente apunta a que como educadores/as debemos dar resposta ás necesidades auténticas dos/as nenos/as: impresións sensoriais, movemento.... cuestións que as pantallas non contemplan e incluso poderíamos dicir que anulan escenificando o sendentarismo consumista de persoas pasivas e sen espírito crítico nin madurez para enfrontarse a distintos tipos de contidos. Seguindo correntes psicolóxicas e pedagóxicas, nesta franxa madurativa os xogos non teñen normas, cada día os/as nenos/as inventan novas fórmulas, retos... cos mesmos xoguetes recursos, sen embargo a gran maioría dos xogos de pantalla que prometen o paraíso de “aprender xogando” teñen un deseño de circuítos pechados que anula totalmente a creatividade. Nesta estela de xustificación psicopedagóxica ten cabida tamén a gran importancia de sentir a vida coas mans, onde está a terra, a auga, a herba, as entrañas da materia, onde podemos atopar isto nas pantallas?

Temos evidencias de que o noso alumnado ten contacto, ben propio ou por influencia de irmáns/ás, curmáns/as maiores, con videoxogos de contidos bélicos e sexistas, valores que vanse moldeando pasando a formar parte da súa visión da vida, xestión de emocións ou de comportamento en sociedade.

Nas entrevistas de incorporación a escola do alumnado de 3 anos preguntamos o tempo de exposición ás pantallas e o tipo de contidos, súmase a información proporcionada nas titorías (por exemplo que comen con pantallas aproveitando o seu poder hipnotizante probablemente bloqueando o sentido do gusto...), en situacións observadas na escola (manifestacións nos faladoiros, xogo simbólico, análise de producións plásticas, vocabulario, etc.) e escenas nas saídas cando se atopan coas familias e xa lle proporcionan un móbil e escenas de pataletas cando lle din que non. Toda esta información pon en evidencia o tempo excesivo e desmedido que os/as nenos/as están diante das pantallas. As persoas adultas tampouco somos referentes exemplificantes, xa que tamén estamos afectadas seriamente polo síndrome da avestruz azul, e sen lugar a dúbidas, somos espellos.

Unha das principais finalidades da escola pública é compensar as necesidades sociais, as desigualdades, dotando de recursos aos nenos e nenas para ser no presente e no futuro, cidadáns/ás críticos/as e transformadores/as.

Se fóra da escola radiografiamos que o tempo investido en consumo de pantallas é excesivo, que resta ás necesidades auténticas dos/as nenos/as, e que lle está perxudicando seriamente ao seu desenvolvemento integral (atención, linguaxe, conductas, creatividade, dificultades a nivel motórico, etc.), como equipo docente preocupado por esta situación, consideramos que temos que reducir á mínima expresión o uso das pantallas na nosa comunidade e ofrecerlle ao alumnado oportunidades de crecemento persoal e social que compense dalgún xeito este veneno silencioso, do que non hai sensibilidade nen consciencia do nocivo que é. Polo tanto, crearemos ambientes libres de pantallas onde poidan xogar ca area, terra, etc. construír coas mans, ler en papel con compañeiros/as en vez con voces robotizadas, etc.

Como excepción, usaremos as cámaras fotográficas para documentar o día a día da nosa escola que trimestralmente compartiremos coas familias, os altofalantes portátiles para facer audicións de cancións en distintas localizacións da escola e a pantalla dixital de xeito moi puntual e xustificada: visualización de fotografías de acontecementos salientables que envían as familias a través do correo (viaxes, facendo unha receita, etc.), visualización dalgunha imaxe que sexa moi significativa e que precisemos un formato de grandes dimensións, un vídeo asociado por exemplo á canción do timbre, etc., pero como xa dixemos de xeito totalmente anecdótico.

Coas familias, tanto en reunións presenciais como nos boletíns informativos trimestrais, compartimos todas estas cuestións, observacións, etc. invitándoas a reflexionar conxuntamente sobre esta situación, que lonxe de mellorar, cada curso vai empeorando.

Comunidade de Medianos/as(1º,2º e 3º de Primaria)

Priorizar o traballo manipulativo sobre o tecnolóxico.

Os/as nenos/as da Comunidade de Medianos atópanse na transición entre operativa e non operativa: “Facer, facer, facer”. Débese potenciar o aprendizaxe coas mans, preguntarse como funciona o mundo que os rodea. Precísanse experiencias cada vez máis concretas para ir creando estruturas e xogos onde vai aparecendo a necesidade das regras.

A escola debe compensar a exposición dixital que existe ao seu arredor, polo que a utilización da tecnoloxía no día a día redúcese á procura de información ou alfabetización na utilización de procesadores de texto ou imaxe en esporádicas ocasións.

Comunidade de Maiores(4º,5º e 6º de Educación Primaria)

Aplicación da tecnoloxía coma unha ferramenta máis de aprendizaxe.

Segundo Piaget “comprender é inventar”, de aí que nesta etapa operativa favorezamos tanto o uso de material semiestructurado como estruturado. Débese seguir tendo presente o traballo que implique o uso das mans e os xogos xa con regras. Os materiais deseñados deben camiñar cara a abstracción e posibilitar un maior grao de apertura cara culturas próximas.

Con todo isto, somos sabedores que os/as nenos/as deben desenvolver unha competencia tecnolóxica tal e como establecen as leis educativas, polo que estas están integradas no seu día a día. Débese destacar, que existen momentos de reflexión conxunta e debate entre mestres/as e alumando sobre a súa correcta utilización, abordando diversas problemáticas que poidan ir xurdindo polo seu mal uso.

Concreción da Competencia Tecnolóxica:

- Procura, selección e tratamento de información para o desenvolvemento de proxectos individuais e colectivos.
- Manexo de plataforma Eva por parte do alumnado de 4º, 5º e 6º de E. Primaria.
- Utilización de plataformas de traballo colaborativo como Google Drive, Canva, Wordpress...
- Utilización de plataformas de publicación i edición de contidos coma Youtube ou Ivoox.
- Manexo de Apps e programas informáticos para a edición de audio e vídeo.
- Utilización de cámaras e móbiles para a creación de proxectos audiovisuais ou fotográficos.
- Utilización de procesadores de texto, imaxe ou presentacións.
- Traballo mapas interactivos, dicionarios dixitais, aplicacións para a elaboración de

mapas conceptuais...

- Manexo dunha páxina web onde xestionan as súas propias publicacións.
- Utilización dunha radio escolar.

A escola participa no Programa Edixgal dende o curso 2019-2020 tamén ten participado no programa Radio na Biblio e Escolas Conectadas. As Aulas Virtuais e a Plataforma Eva están operativas.

●.2. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

●.3. Proceso de elaboración

- Reunión do Coordinador do plan co equipo para dar a coñecer o documento e elaborar o mesmo.
- Creación colaborativa do PD.. Cada mestre/a tivo a oportunidade de colaborar na elaboración do documento.
- Reunión para dar a coñecer ao resto do profesorado o PD. Deuse un prazo de tempo para aportacións.
- Revisión por parte do Coordinador de centro. Envío para revisión inicial do Adix de zona.
- Elaboración definitiva do PD e presentación ao Claustro.

● **Situación de partida**

●.1. **Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais**

- **Infraestrutura dixital no centro:** a conectividade é boa, tendo wifi en toda a escola. Ademais nas aulas Edixgal existe a rede Abalar.
- **O equipamento dispoñible:**

AULAS DIXITALIZADAS:	11 aulas dotadas de: ordenador portátil, canón de proxección e pantalla dixital interactiva.		
PROXECTO EDIXGAL:	3 espazos co kit dixital: proxector ultracorto, pdi e portátil de aula. Dispositivos Edixgal para o alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación primaria (xa que temos agrupamentos mixtos).		
EQUIPOS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN: todos os equipos que temos nestas dependencias teñen máis de 8 anos.	Dirección: pc, monitor, altofalantes, rato e cpu. Xefatura: pc, , monitor, rato, altofalantes e cpu. Secretaría: pc, , monitor, rato e cpu. Conserxería: pc, , monitor, rato e cpu. Oficina ANPA: pc, , monitor, altofalantes, rato e cpu.		
USO NA BIBLIOTECA:	1 equipo para proxeccións: portátil, altofalantes e canón de proxección. 4 equipos para uso do alumnado que constan de: pc,monitor, rato e cpu. 1 portátil para uso do profesorado para as labores de xestión do espazo.		
EQUIPOS PARA USO NAS SALAS DE PROFESORADO E DEPARTAMENTOS: todos os equipos que temos nestas dependencias teñen máis de 8 anos.	ESPAZO	EQUIPAMENTOS	ANO
	ÁBACOS	1 ORDENADOR PORTÁTIL LENOVO B50-50	
	AQUELAR	1 ORDENADOR PORTÁTIL LENOVO B50-50	
	ARGHALLADAS	1 ORDENADOR PORTÁTIL HP	
	ATELIER	1 PC SOBREMESA	
	CONSTRUCCIÓNS	1 PC SOBREMESA	
	EDITORIAL	1 ORDENADOR PORTÁTIL	
	ESPELLOS	1 ORDENADOR PORTÁTIL	
	GAIA	2 ORDENADORES PORTÁTILES	
	NATUREZA	1 ORDENADOR PORTÁTIL	
	PACHAMAMA	1 ORDENADOR PORTATIL HP PROBOOK 45305 1 ORDENADOR PORTÁTIL LENOVO B50-50	
	PALABRAS	1 ORDENADOR PORTÁTIL LENOVO THINK PAD	
RADIO	1 PC SOBREMESA ACER EXTENSA		

	RELIXIÓN EVANXÉLICA	1 TABLET SAMSUNG	
	ROSALÍAS	1 PC SOBREMESA ACER 1 ORDENADOR PORTÁTIL LENOVO THINKPAD (Edixgal)	
	SEREAS	1 ORDENADOR PORTÁTIL LENOVO 1 ORDENADOR PORTÁTIL LENOVO B50-50	
	TEOREMAS	1 ORDENADOR PORTATIL HP PROBOOK (Edixgal) 1 TABLET SAMSUNG GALAXY TAB 4	
	TESSELAS	1 ORDENADOR PORTÁTIL LENOVO THINKPAD (Edixgal)	
	TRAFALGAR SQUARE	1 TABLET WOLDER MITAB 10" 3 PC SOBREMESA	
	VERSOS	1 ORDENADOR PORTÁTIL 1 PC SOBREMESA	
	EDUCACIÓN FÍSICA	1 PC SOBREMESA DELL OPTILEX 740	
EQUIPOS ULTRAPORTÁTILES PARA AULA MÓBIL:	Os dispositivos Edixgal para o alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación primaria (xa que temos agrupamentos mixtos).		
AULAS DE INFORMÁTICA:	Non contamos con este espazo.		
DOTACIÓNS PARA PROXECTOS ESPECÍFICOS:	Educa en dixital: 6 portátiles pequenos.		

● **Servizos dixitais educativos na nosa escola:**

- AbalarMóbil para as comunicacións cas familias.
- Páxina web.
- Aulas virtuais en Pequenos/as e Medianos/as.
- Plataforma E-Dixgal en Maiores.
- Páxina web da Editorial alonxada en wordpress(www.heroinasdixital.com).
- Utilización por parte do profesorado da ferramenta Google School.

A xestión do mantemento do equipamento do centro realízase a través da UAC ou dunha empresa externa.

●.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Áreas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.	2.6				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.4				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4.3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	4.3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	2.3				
	Alumnado	4.1				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1.4				
	Profesorado	1.8				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	4.6				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	12	14	85.7%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	0	1	0%
SUBSTITUTO			
DESAPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
60.4	Explorador/a (A2)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	55.5	Explorador/a	68.2	Integrador/a
Pri.	59.1	Explorador/a	77	Integrador/a

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	7,1
A2	7	50
B1	5	35,7
B2	1	7,1
C1		
C2		
TOTAL	14	99,9

●3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Boa conexión no centro. Correcto equipamento para alumnado. 	<ol style="list-style-type: none"> Mellorar na formación en canto á protección de datos. Mellorar na dotación de equipos informáticos en dependencias non Edixgal. Implantación de novos Plans Dixitais sen crear un plan de formación axeitado aos tempos
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Postura firme sobre a utilización das tecnoloxía por parte do alumnado dentro do centro e fóra do horario escolar. Participación en programas de innovación por parte da meirande parte dos/as mestres/as. Correcta comunicación dixital coas familias a través de Abalar. Metodoloxía do centro que atende especialmente aos ritmos de aprendizaxe do alumnado. Boa actitude por parte do profesorado para avanzar na estratexia dixital do centro. 	<ol style="list-style-type: none"> Mellora na competencia dixital por parte dos/as mestres/as. Pouca dispoñibilidade horaria para o equipo TIC'S. Pouca utilización dos entornos dixitais de aprendizaxe. Mellora na elaboración de proxectos interdisciplinares. Non existe estratexia de desenvolvemento dixital definida de centro. Sobrecarga de accións e proxectos no centro o que fai que as tecnoloxías se integren moi pouco a pouco.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> Correcta dotación de equipos para o alumnado de 4º,5º e 6º de Educación Primaria. Correcto manexo da competencia dixital. Utilización ética da tecnoloxía. Organización e desenvolvemento de formacións sobre os riscos da rede. 	<ol style="list-style-type: none"> Mellorar na verificación da información que recollen na rede. Mellorar na elaboración de contidos dixitais e manexo de programas.
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> Boa adaptación ás canles dixitais comunicativas do centro: Abalar e email corporativo de cada comunidade. 	<ol style="list-style-type: none"> Mellora no control das tecnoloxías na casa. Mellora na utilización da comunicación dixital co centro. Existen familias con baixa competencia dixital o que fai que non poidan colaborar

			no proceso educativo do seu fillo a nivel dixital.
	OFERTA		1. Definir e desenvolver a estratexia dixital do centro. 2. Mellorar os tempos de explorar novos aprendizaxes relacionando os valores do proxecto educativo e a competencia dixital.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Existe unha boa organización e comunicación no día a día no centro.	1. Desenvolver a estratexia dixital con todo o profesorado. Establecer pequenos pasos para o seu avance.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Dotación correcta para alumnado co programa Edixgal. 2. Dotación de equipos dentro do programa "Escolas Conectadas", para intentar reducir a brecha dixital nalgún alumnado. 3. Envío periódico de información que alertan sobre os últimos riscos de internet. 4. Creación da UAC, que acompañan ao profesorado para resolver todas as dúbidas que lle van xurdindo.	1. Excesiva burocracia. 2. Ausencia de ferramentas institucionais de xestión global do alumnado que permita: almacenar informes escolares, historial académico e avaliacións. 3. Pouco tempo de reflexión por parte da administración si é necesario un cambio dixital. 4. Interfaces das aplicacións oficiais pouco atractivas e intuitivas. 5. Escasa dotación de equipos informáticos para actualizar os existentes na escola (en 4 cursos non nos dotaron con ningún). 6. Dotación de Equipos de Escolas conectadas en modo de cesión, sen saber cantos van recoller e cando.
	LEXISLACIÓN	1. Base lexislativa detrás de todas as ferramentas institucionais, que permiten un uso seguro e controlado.	1. Baixo coñecemento de licencias de autor e protección de datos.
	CONTORNA		1. Existen familias con fenda dixital.
	ANPA	1. Coñecen e comparten a postura do centro en canto á utilización da tecnoloxía. 2. Boa coordinación coa ANPA.	
	OUTRAS ENTIDADES		

● Plan de Acción

●.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración do DAFO leváronse a cabo as seguintes accións na escola:

- Reunión do Coordinador do plan co equipo para dar a coñecer o documento e elaborar o mesmo.
- Creación colaborativa do DAFO. Cada mestre/a tivo a oportunidade de colaborar na elaboración do documento.
- Reunión e reflexión para selección de epígrafes a incluír no documento.
- Elaboración definitiva do DAFO e presentación ao Claustro.

Partindo dos resultados do DAFO créase o Plan de Acción, onde se reflexarán os obxectivos a conseguir así coma o seu desenvolvemento. Presentamos a continuación a proposta de obxectivos do CEIP Heroínas de Sálvora:

- Avanzar na elaboración de proxectos interdisciplinares utilizando a tecnoloxía.
- Definir a estratexia dixital do centro.
- Mellorar na elaboración de contidos dixitais e manexo de programas por parte do alumando.
- Mellorar a dotación da tecnoloxía en dependencias non Edixgal da escola.

●.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidades de equipamento:

→ Renovación de todos os pcs de sobremesa das dependencias:

- ◆ Dirección.
- ◆ Xefatura
- ◆ Secretaría.
- ◆ Conserxería.
- ◆ Oficina ANPA.
- ◆ Biblioteca: 4 equipos de uso do alumando.
- ◆ Atelier.
- ◆ Construcións.
- ◆ Versos.
- ◆ Educación Física.
- ◆ Trafalgar Square: 3 equipos de alumando.

→ Actualización ou renovación de software, hardware, disco duro SSD ou memoria Ram dos seguintes espazos:

- ◆ Ábacos.
- ◆ Aquelar.
- ◆ Arghalladas.
- ◆ Editorial.
- ◆ Espellos.
- ◆ Gaia.
- ◆ Natureza.
- ◆ Pachamama
- ◆ Palabras.
- ◆ Teoremas.
- ◆ Rosalías.
- ◆ Sereas.
- ◆ Teselas.

→ Renovación de altofalantes en aulas e espazos non E-Dixgal.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

1. “Área/s de mellora”: F - Pedagogía:implementación na aula H: Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO (1):	Elaborar ao longo do ano un proxecto interdisciplinar utilizando tecnoloxía dixital.				Acadado	
RESPONSABLE:	Creación da comisión de “Desenvolvemento de Proxectos”, integrada polos/as coordinadores/as do Plan Dixital, TIC e das comunidades de aprendizaxe.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	N.º de alumnado que participa no proxecto interdisciplinar anual.					
Valor de partida (3)	Sen datos previos					
Valor previsto e data (4)	Todo o alumnado de primaria			Fin curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación da Comisión de Desenvolvemento de Proxectos.	-Director/a. -Coordinadores/as: -Do Plan Dixital -Do equipo TIC -Das comunidades.	1ª quincena de outubro	-Profesorado integrante da Comisión. -Sala de profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Acordo das liñas de actuación e participación por parte dos/as coordinadores/as.	Coordinadores/as: -Do Plan Dixital -Do equipo TIC -Das comunidades.	1ª quincena de outubro	-Profesorado integrante da mesma. -Sala de profesorado. -Equipos. -Revisión de aplicacións a utilizar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.3: Difusión entre o alumnado da iniciativa. Recollida das temáticas do seu interese.	-Coordinador/a do Plan Dixital, -Coordinadora TIC -Coordinadoras de comunidade. -Mestras/es titores/as.	2ª quincena de outubro	-Equipos informáticos -Plataforma Eva Dixital. -Mestres/as titores. -Alumnado. -Económicos (deseñar cartelería motivante para o alumnado, bibliografía sobre temáticas variadas).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Reunións trimestrais de seguimento da Comisión de Desenvolvemento de Proxectos.	Coordinadores/as: -Do Plan Dixital -Do equipo TIC -Das comunidades.	Decembro 2022 Marzo 2023 Xuño 2023	-Profesorado integrante da Comisión. -Sala de profesorado. -Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Elaboración por parte do alumnado dos materiais dixitais do proxecto.	Profesorado titor Alumnado	Xuño 2023	Equipamento informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.6: Difusión e publicación por parte do alumnado dos proxectos na web da Editorial.	Nenos/as co acompañamento do/a mestre/a que xestiona a Editorial.	Ao longo do terceiro trimestre no momento onde teñan os proxectos elaborados e revisados polo/a mestre/a titor/a.	-Equipos e dispositivos electrónicos. -Web da Editorial do centro. -Económicos (compra dos recursos tecnolóxicos e materiais precisos para o desenvolvemento dos mesmos).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

2. “Área/s de mellora”: A - Liderado						
OBXECTIVO (1):	Elaborar unha estratexia a desenvolver na utilización das tecnoloxías en cada Comunidade Educativa.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do Plan Dixital, Coordinador/a TIC, Coordinadores/as das Comunidades e Departamento de Orientación.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	-Existencia e desenvolvemento de estratexia diferenciada por Comunidade de Aprendizaxe.					
Valor de partida (3)	-Sen datos previos					
Valor previsto e data (4)	-Existe ponse en práctica a estratexia diferenciada por Comunidade de Aprendizaxe.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Realizar unha reunión co Claustro para establecer as accións a seguir para a elaboración conxunta da estratexia dixital de centro.	Coordinadores/as: -Do Plan Dixital -Do equipo TIC -Das comunidades.	1º Quincena de Outubro	-Equipos. -Profesorado da escola.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Realizar reunións para establecer obxectivos e estratexias en cada Comunidade de Aprendizaxe.	Coordinadores/as: -Do Plan Dixital -Do equipo TIC -Das comunidades. -Mestres/as titores/as. -Departamento de Orientación.	1º Quincena de Novembro	-Equipos. -Profesorado. -Económicos (mercar bibliografía, material funxible, etc.).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO2.3: Realizar reunións de seguimento para o desenvolvemento de dito plan.	Coordinadores/as: -Do Plan Dixital -Do equipo TIC -Das comunidades -Departamento de Orientación	Decembro 2022 Marzo 2023 Xuño 2023	-Equipos -Software. -Profesorado da Comisión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Presentación en reunión de Claustro da estratexia global de centro.	Coordinadores/as: -Do Plan Dixital -Do equipo TIC -Das comunidades -Departamento de Orientación	Xuño 2023	-Profesorado da Comisión. -Equipo directivo. -Profesorado. -Equipos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3. “Área/s de mellora”: H: Competencias dixitais do alumnado

OBXECTIVO (1):	Iniciar ao alumnado da comunidade de maiores no manexo de programas de edición dixital.			Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do Plan Dixital, Coordinador/a TIC, Coordinadores/as das Comunidades e mestre/a que xestiona a Editorial.			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de programas manexados de elaboración de contidos dixitais por parte da Comunidade de Maires.				
Valor de partida (3)	0 programas de elaboración de contidos dixitais por parte do alumnado da Comunidade de Maires.				
Valor previsto e data (4)	Manexo de 2 programas de edición dixital por parte do alumnado da Comunidade de Maires.		Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO3.1: Realizar unha reunión inicial para establecer unha serie de programas de edición dixital a utilizar.	Coordinadores/as: -Do Plan Dixital -Do equipo TIC -Das comunidades -Mestre/a que xestiona a Editorial	1º Quincena de Outubro	-Equipos. -Software. -Económicos (por se é preciso pagar algunha licenza de uso). -Profesorado.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.2: Formación inicial ao profesorado en cada programa de edición.	Coordinadores/as: -Do Plan Dixital -Do equipo TIC -Das comunidades -Mestre/a que xestiona a Editorial	1º Quincena de Outubro	-Equipos. -Software. -Tutoriais da rede e/ou elaborados na escola. -Profesorado.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.3: Formación inicial aos/as nenos/as.	Coordinadores/as: -Do Plan Dixital -Do equipo TIC -Das comunidades -Mestre/a que xestiona a	2º Quincena de Outubro	-Equipos. -Software. -Tutoriais da rede e/ou elaborados na escola. -Alumnado.		Realizada
					Aprazada

	Editorial		-Profesorado.		Pendente	
AO3.4: Revisión cuatrimestral dos avances na edición de proxectos utilizando as tecnoloxías.	Coordinadores/as: -Do Plan Dixital -Do equipo TIC -Das comunidades -Mestre/a que xestiona a Editorial	Febreiro 2023 Xuño 2023	-Equipos. -Software. -Alumnado. -Profesorado. -Económicos (para a compra dos recursos precisos para desenvolver os proxectos).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. “Área/s de mellora”: C: Infraestruturas

OBXECTIVO (1):	Realizar unha análise, actualización e detección das necesidades tecnolóxicas nas dependencias non Edixgal da escola.	Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador/a do Plan Dixital, Coordinador/a TIC, Titores/as de cada etapa.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Análise, actualización e detección de necesidades para equipos tecnolóxicos no centro.	
Valor de partida (3)	0 revisión de necesidade no centro sobre renovación tecnolóxica.	
Valor previsto e data (4)	Actualización e renovación prioritaria de equipamento tecnolóxico en dependencias non Edixgal realizada.	Xuño 2023.

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO4.1: Reunión inicial para determinar a nivel xeral de centro as necesidades tecnolóxicas. Establecer unha liña de actuación xeral igual para todas as comunidades.	Coordinador/a do Plan Dixital, Coordinador/a TIC, Coordinadoras de Comunidade.	1º Quincena de Outubro	-Profesorado integrante da mesma. -Sala de profesorado. -Equipos.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO4.2: Reunión de comunidade de aprendizaxe para valorar, determinar e documentar aqueles equipos tecnolóxicos que necesitan de revisión, actualización ou renovación.	Coordinadoras de comunidade, titoras e especialistas.	2º Quincena de Outubro	-Profesorado de cada comunidade. -Sala de reunións. -Equipo.		Realizada
					Aprazada

					Pendente	
AO4.3: Establecer e priorizar as necesidades tecnolóxicas en cada comunidade de aprendizaxe.	Coordinadoras de comunidade, titoras e especialistas.	1º Quincena de Febreiro	-Profesorado. -Listaxe excel. -Sala de reunións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Valoración xeral de centro. Elaboración de listado prioritario para revisión, actualización e renovación de equipos tecnolóxicos. Comunicación ao Claustro.	Coordinador/a do Plan Dixital, Coordinador/a TIC, Coordinadoras de Comunidade.	1º Quincena de Marzo	-Sala de reunións. -Equipo informático. -Profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIONES A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

- **Avaliación do plan**

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

- **Difusión do plan**

A difusión do Plan entre toda a comunidade educativa seguirá as canles oficiais do centro.